



## CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña).- CIF. P1505700-C.-Telf. 981 88 52 50  
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: [concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

### ***Don Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde-Presidente do Concello de Negreira, na provincia de A Coruña***

Vista a Resolución R.P. 13461/2020 que aproba a concesión definitiva de subvencións do programa DP0029, dirixido a concellos e agrupacións de concellos da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo, ano da Deputación Provincial da Coruña, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións concordantes e de aplicación,

### **RESOLVO**

**PRIMEIRA-**. Aprobar as Bases para a contratación de persoal laboral temporal, dun Técnico/a de información, publicidade e promoción turística contidas no Anexo I deste Decreto.

**SEGUNDA-**. Publicar as Bases recollidas no Anexo I do presente Decreto no Taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Negreira ([www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal))

**TERCEIRA-**. Dar conta deste Decreto ó Pleno da Corporación na próxima sesión ordinaria que celebre.

Negreira, 15 de maio de 2020.

***Alcalde-Presidente***

***Manuel Ángel Leis Míguez***



## CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña).- CIF. P1505700-C.-Telf. 981 88 52 50  
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: [concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

### **ANEXO I**

#### **BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.- TÉCNICO DE INFORMACIÓN, PUBLICIDADE E PROMOCIÓN TURÍSTICA.**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA, MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.**

O obxecto desta convocatoria é realizar a contratación laboral temporal de dun/ha Técnico/a de información, publicidade e promoción turística a través de concurso - oposición, de conformidade co disposto no RDL 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público, na Lei 7/1985, do 2 de abril, no Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, no Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, no Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e nas demais disposicións de pertinente aplicación, con suxeición ás seguintes condicións:

- Denominación: Técnico/a de información turística
- Natureza do contrato: laboral temporal
- Modalidade: obra ou servizo determinado
- Duración: 12 meses
- Funcións: as propias desta categoría profesional no Concello de Negreira e entre outras as seguintes:

1. Información puntual e actualizada do estado do camiño de Fisterra.
2. Información puntual da ocupación nos aloxamentos, hoteis e albergues do camiño e en concreto dos tres concellos participantes (A Baña, Negreira e Val do Dubra).
3. Información de todo “Xeodestino”, así como información turística de toda a provincia de A Coruña.
4. Información da previsión meteorolóxica, así como dos lugares de interese turístico a visitar nos 3 Concellos, rutas de sendeirismo, rutas a cabalo, patrimonio paisaxístico e relixioso, oferta gastronómica...
5. Xestión e mantemento da caseta de información turística.
6. Elaboración de guías e planos axustados ás necesidades dos peregrinos.
7. Distribución do material con información turística aos/ás peregrinos/as e actualización do referido material.
8. Elaboración de informes estatísticos dos peregrinos que pasen pola caseta de información turística.
9. Promoción de actividades culturais e de ocio dos 3 Concellos participantes: feiras, festas, actividades culturais e deportivas, exposicións...
10. Organización e promoción de actividades turísticas nos 3 Concellos.
11. Deseño de novas rutas e novos espazos de interese turístico.
12. Participación en seminarios de formación en temas relacionados co turismo que puidera impartir a Deputación da Coruña, co obxecto de mellorar a calidade dos servizos prestados.



## CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña).- CIF. P1505700-C.-Telf. 981 88 52 50  
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: [concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

Así mesmo, utilizarase a lingua galega na prestación do servizo (rótulos, documentos, paneis,...) así como o resto das linguas que se consideren oportunas para mellorar a calidade do mesmo.

### **SEGUNDA.- REQUISITOS PARA A ADMISIÓN AO PROCESO SELECTIVO.-**

Para tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un á data en que finalice o prazo para presentar solicitudes:

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as nos termos dispostos no artigo 57 da Lei 7/2007. Así mesmo poderán participar, en igualdade de condicións que os españois, os estranxeiros con residencia legal en España de conformidade co contido na Lei 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

b) Ter máis de 18 anos e non cumpridos os 65 anos de idade.

c) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

Técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente.

Certificado de profesionalidade de promoción turística local e información ao visitante.

Técnico en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente.

Grado ou diplomatura en Turismo ou equivalente homologado.

Grado ou licenciatura en Historia do Arte.

Grado ou licenciatura en Humanidades.

Grado ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio.

Grado ou licenciatura en Historia.

d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para exercer as funcións propias do posto. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

### **TERCEIRA.- XORNADA DE TRABAJO E HORARIO.-**

A xornada de traballo será de mañá e tarde de luns a sábado e só de mañá o domingo. O horario, aínda que queda suxeito ás necesidades do servizo, distribuirase da maneira que segue:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
MAÑÁN	8:00 A	8:00 A	8:00 A 11:00	8:00 A 11:00	8:00 A	8:00 A	8:00 A 10:30



## CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña).- CIF. P1505700-C.-Telf. 981 88 52 50  
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: [concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

	<b>11:00</b>	<b>11:00</b>			<b>11:00</b>	<b>11:00</b>	
<b>TARDE</b>	<b>17:00 A</b> <b>20:00</b>	<b>17:00 A</b> <b>20:00</b>	<b>17:00 A</b> <b>20:00</b>	<b>17:00 A</b> <b>20:00</b>	<b>17:00 A</b> <b>20:00</b>	<b>17:00 A</b> <b>19:00</b>	

Cumpríndose en todo caso os tempos de descanso e días libres establecidos legalmente, e tendo en conta que este horario poderá ser modificado atendendo as necesidades do servizo, e a situación nova que estamos a vivir, xa que se modificarán os horarios de apertura e de atención ó público.

### **CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN A APORTAR.-**

1. As persoas interesadas presentarán unha solicitude dirixida ao alcalde (modelo ANEXO) na que farán constar que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base segunda desta convocatoria, referidos sempre ao día en que remate o prazo para presentar solicitudes, así coma a documentación xustificativa dos méritos de ser o caso.

As citadas solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello en horas de oficina durante o prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación das presentes bases no taboleiro de edictos e na web municipal ([www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)). SEMPRE con cita previa, chamando ó **981.885052** para que o persoal municipal permita ó acceso da persoa ó REXISTRO debido ó estado de alarma existente ea restrición de xente que temos determinada no Concello, OU tamén para maior comodidade dos candidatos poderán darlle entrada á solicitude a través da sede electrónica do Concello.

Asemade poderanse presentar na forma que determina o artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas; neste caso, os/as concursantes deberán comunicalo mediante telegrama ou telefax durante o mesmo prazo que o de presentar solicitudes; o prazo rematará ás 14:00 horas do último día para presentar as solicitudes. Se, conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se considere para todos os efectos.

2. Necesariamente xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, de maneira ineludible, a seguinte documentación:

- A fotocopia do DNI.
- A fotocopia da titulación esixida na base 2.<sup>a</sup>, letra c) desta convocatoria.
- Xustificantes do cumprimento dos puntos d) e e) da base 2<sup>a</sup> desta convocatoria.

Ademáis e a efectos de baremación, as persoas aspirantes poderán xustificar os méritos obxecto de valoración coa seguinte documentación, a saber:

- Certificado de servizos prestados onde conste a categoría profesional e a duración deste así como o tipo de xornada.
- No seu defecto, contrato de traballo e vida laboral actualizada a data de presentación da instancia.



## CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña).- CIF. P1505700-C.-Telf. 981 88 52 50  
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: [concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

- Cursos homologados relacionados coas función propias da praza á que se aspira impartidos pola Administración pública, universidades, centros públicos ou concertados, organismos oficiais e demais formación homologada
- Titulación académica de nivel superior á requerida para a praza e relacionada coa mesma
- O certificado de lingua galega, expedido polo organismo oficial para o efecto, ou o título acreditativo expedido pola entidade académica para tal fin.

– Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras comunidades autónomas do Estado español ou doutros países, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, ou debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

– Ao presentar a solicitude para participar no proceso selectivo, entenderáse que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

### **QUINTA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

1. Despois de rematar o prazo para presentar solicitudes, o alcalde ditará, a resolución que declare aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co formulado na lei.

Os/as aspirantes excluídos/as, dispoñerán dun prazo de cinco días naturais, seguintes aos de publicar a antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou as emendas de defectos, nos termos do art. 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Posteriormente, o alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello. Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, a data e a hora da reunión do tribunal para realizar a valoración dos méritos, así como a composición do órgano de selección.

3. De non existir aspirantes excluídos/as, o alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación e indicará o lugar, a data e a hora da reunión do tribunal para realizar a valoración dos méritos, así como a composición do órgano de selección.

### **SEXTA- COMISIÓN DE SELECCIÓN.-**

O tribunal cualificador estará composto por:

- Presidenta: Sonia Ponte Esturao, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Negreira.



## CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña).- CIF. P1505700-C.-Telf. 981 88 52 50  
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: [concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

- Secretaria: Sonia Nieto López, Orientadora Laboral do Concello de Negreira.
- Vogal: Marcos Pérez Lourido. Funcionario do Concello de Negreira.
- Vogal: Álvaro Lira Gorgal, Funcionario do Concello de Negreira.

O tribunal non poderá actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros. En todo caso, será precisa a asistencia da presidenta e da secretaria.

O tribunal poderá dispoñer que se incorporen asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán a exercer as súas especialidades técnicas con base exclusivamente nas cales colaborarán co órgano de selección.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non expresado nestas bases.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte destes cando concorran as circunstancias contidas no artigo 28 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, e notificarlo á autoridade convocante. Asemade, os/as aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 29 da mencionada lei.

Para os efectos de que os membros concorrentes ás sesións dos tribunais perciban asistencias, estes estarán clasificados nas categorías que establece o número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

### **SÉTIMA.- CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.**

1. O sistema de provisión será o concurso – oposición, dadas as características da praza que fan preciso contar cunha persoa que acredite non só coñecementos sobre a materia nos seus diversos ámbitos, o que se manifesta no só coa formación, senón tamén a experiencia no campo de desempeño do posto a desenvolver.

– Fase de concurso: despois de que o tribunal conclúa a valoración do concurso, esta publicarase no taboleiro de edictos do Concello indicando a puntuación obtida. Como máximo o candidato poderá acadar ata 9 puntos en esta fase.

– Fase de entrevista: o órgano de selección someterá aos candidatos/as admitidos/as a unha entrevista para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do concello, as funcións propias da praza e na que poderá formular as preguntas que considere oportunas co fin de valorar a formación xeral e outros méritos que considere oportunos (aptitudes, actitudes, habilidades, coñecementos, etc... do/a aspirante en relación co posto de traballo que hai que cubrir). Cualificarase de 0 a 7 puntos.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo o tribunal chegase a coñecer que algún/ha dos/as aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído/a, tras darlle audiencia á persoa interesada, e comunicárselle no mesmo día á autoridade que convocase o proceso selectivo.

2. A cualificación definitiva do proceso selectivo será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal na fase de concurso e da entrevista.



## CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña).- CIF. P1505700-C.-Telf. 981 88 52 50  
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: [concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

Logo de establecer a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as que se basea na súa puntuación e por orde decrecente e resultará aprobado/a o/a que, tendo en conta o número de prazos, obtivese a nota máis alta. En caso de empate, establecerase como sistema de desempate a persoa candidata que acredite maior tempo de inscrición no Servizo Público de Emprego de Galicia como desempregado/a.

No suposto de que o/a seleccionado/a renuncie ao posto obtido, a proposta de contratación efectuaráselle ao/á seguinte da listaxe de puntuación obtida.

3. A publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse mediante publicación no taboleiro de edictos deste concello, e na páxina web municipal. Coa finalidade de facilitar o acceso á información dos/as aspirantes, e sempre con carácter complementario, tanto as convocatorias e as bases como os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo, poderán publicarse na web municipal, despois de publicarse no taboleiro de edictos do Concello. Estas publicacións na web non terán validez para os efectos de computar os prazos e a información de carácter persoal contida nestas será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, ao asinaren a solicitude para participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todas as cláusulas establecidas na presente convocatoria e as bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e de uso restrinxido.

### **OITAVA.- BAREMO APLICABLE PARA A VALORACIÓN DOS MÉRITOS**

Será o seguinte:

1.- Por servizos da mesma natureza do que é obxecto destas bases ata un máximo de 4 puntos:

- 0,30 puntos por cada mes completo ou fracción superior a 15 días.

2.- Por cursos relacionados coa actividade a desenvolver ou coñecemento de linguas estranxeiras, impartidos pola Administración Pública ou homologados, ata un máximo de 2 puntos:

- De máis de 100 horas: 0,75 puntos.
- De máis de 70 horas ata 100 horas: 0, 50 puntos.
- De máis de 40 horas ata 70 horas: 0,35 puntos.
- De 15 horas ata 40 horas: 0, 20 puntos.
- De menos de 15 horas: 0,10 puntos.

3.- Por posuír outra titulación académica da requirida para a praza e relacionada coa mesma, computándose unicamente o título de maior nivel dos acreditados:

- Título de Doutoramento : 1 punto.
- Título de Grao universitario: 0.75 puntos.
- Título de Técnico Superior: 0.50 puntos.





## CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña).- CIF. P1505700-C.-Telf. 981 88 52 50  
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: [concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

4.- Polo coñecemento do idioma galego, computándose unicamente o grao superior acreditado e concedéndose validez en exclusiva ós cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.:

- Celga 2: 0, 25 puntos.
- Celga 3: 0, 50 puntos.
- Celga 4: 0.75 puntos

### **NOVENA.- PROPOSTA DE APROBADOS/AS.**

1. Logo de concluír a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal publicará no citado taboleiro de edictos o nome do/a aspirante por orde da puntuación total final, con especificación desta. Así mesmo, o tribunal enviaralle esta relación, coa acta da sesión, ao alcalde para formalizar o contrato correspondente a favor do/a aspirante que obtívese a puntuación total máis alta.

O tribunal cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas. Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

### **DÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

O órgano competente da Corporación iniciará a contratación a favor do/a aspirante proposto/a polo tribunal cualificador, e será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización do contrato terá lugar dentro do prazo máximo de cinco días naturais, que hai que contar dende a data de notificación do acordo de contratación.

Mentres non se formalice o respectivo contrato e non se incorpore ao posto de traballo, a/o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase. A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e na forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedará sometida a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos traballadores, e estará suxeita á lexislación laboral pertinente.

En Negreira a 15 de Maio de 2020.



